

CONCRECIÓN CURRICULAR

CURSO 2022-23

CPR PLURILINGÜE ABRENTE

ÍNDICE

1. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.
2. A contribución á adquisición das competencias.
3. Os criterios para incorporar elementos transversais.
4. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
6. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.
7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.
9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.
10. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.
11. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.
12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias.
13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.
15. Outros apartados.

1. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

Establécense as etapas de Educación Primaria, ESO e o segundo ciclo de Educación Infantil. Cada etapa e ciclo reunírase regularmente segundo o establecido no documento presente e atendendo sempre as características particulares do centro.

Xustificación baseada no contexto.

O C.P.R. Plurilingüe Abrente é un centro educativo concertado de carácter laico. A súa titularidade corresponde á Adigna Sociedade Coop. Galega.

Está situado na vila de Portonovo (concello de Sanxenxo). Esta é unha pequena vila mariñeira das Rías Baixas, na que a pesca, a agricultura, xunto coa industria turística, é son os principais motores da economía local.

O centro oferta as ensinanzas de Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO, escolarizando neste curso 2021/2022- a 326 alumnos/as. O claustro está formado por 29 profesores/as, que segundo a lexislación vixente se organiza e participa nos seguintes órganos:

Dirección

Xefatura de Estudos

Secretaría

Claustro do Profesorado

Consello Escolar

Departamento de Orientación

Comisión de Convivencia

Departamentos Didácticos por Materias

Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega

Comisión de Coordinación da Avaliación de Individualizada

O centro coordínase coa Inspección Educativa, o Equipo Provincial de Orientación Específico, co C.F.R., e os servizos sociais, e a Concellería de Educación do Concello, así coma cos orientadores/as do Centros Educativos do Concello e os doutros centros.

Etapa de Educación Infantil (2º ciclo):

Obxectivos:

a) No curso 2022-23 entrará en vigor o Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e os ensinamentos mínimos da Educación Infantil. Deste xeito, a Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, así como as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

e) Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre homes e mulleres.

- Etapa de Educación Primaria:

- Obxectivos:

A partir do curso 2022/23 entran en vigor as modificacións recollidas no Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e os ensinamentos mínimos da Educación Primaria.

Os obxectivos desta etapa se reformulan para contribuír a desenvolver nos nenos e as nenas as seguintes capacidades:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, presctar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade en as súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa, autónoma e saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Etapa de Educación Secundaria Obrigatoria:

- Obxectivos:

Séguese o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, pero a partir do curso 2022/23 entran en vigor en 1º e 3º; e a partir do curso 2023/2024 en 2º e 4º, as seguintes modificacións introducidas pola LOMLOE:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.

m) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2. A contribución á adquisición das competencias.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Competencia en comunicación lingüística

a) Mellorar a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, ademais do análise da información e o seu sentido crítico.

b) Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor, para ter unha axeitada interacción coas persoas.

A competencia comunicativa conleva mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de saberes, destrezas e actitudes que permiten identificar, expresar, crear, comprender e interpretar sentimentos, feitos, opinións, pensamentos e conceptos de forma oral e escrita en soportes visuais, sonoros e multimodales en contextos diversos e con finalidades distintas. Isto implica a habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa.

O desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística constitúe a base da aprendizaxe posterior e a interacción lingüística sucesiva. En función do contexto, a competencia en comunicación lingüística pode adquirirse na lingua materna, a lingua de escolarización ou a lingua oficial dun país ou rexión

Competencia plurilingüe

- a) Ser quen de utilizar diversas linguas para comunicarse.
- b) Mellorar e perfeccionar a lingua materna.
- c) Coñecer diferentes culturas a través da súa lingua e da súa linguaxe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, no seu caso, manter e adquirir destrezas na(s) lingua(s) materna(s), así como nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade para fomentar a convivencia democrática.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería

- a) Traballar os números, as medidas e as estruturas, así como as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.
- b) Analizar problemas e datos, chegar ás súas propias conclusións e reflexionar sobre os procesos seguido para defendelas.
- c) Coñecemento e conservación do medio natural, así como o progreso, contribuíndo ó desenrolo do pensamento científico, para ser cidadáns responsables e capaces de facer xuízos críticos sobre feitos científicos.

A competencia en matemáticas, ciencia, tecnoloxía e enxeñería (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando o método científico, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñería para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sostible.

A competencia matemática é a habilidade de desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás.

A competencia en ciencia alude á habilidade e a vontade de comprender e explicar o mundo natural utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxía, incluídas a observación e a experimentación, co fin de expor preguntas e extraer conclusións baseadas en probas.

Por competencias en materia de tecnoloxía e enxeñería enténdese a aplicación dos devanditos coñecementos e metodoloxía para responder ao que se percibe como necesidades ou desexos humanos.

Competencia dixital

- a) Empregar as novas tecnoloxías para a procura de información, mellorar a creatividade e o xuízo crítico.
- b) Traballar distintas linguaxes: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro.
- c) Aprender a manexar aplicacións e programas informáticos.
- d) Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción coas devanditas tecnoloxías. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a alfabetización mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital) e as competencias relacionadas coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Competencia en conciencia e expresións culturais

- a) Coñecer a importancia e a riqueza das diferentes culturas: coñecelas, aprecialas e acercarnos a elas cunha actitude aberta e respectuosa.
- b) Fomentar a creatividade e participación na vida cultural.
- c) Facer especial fincapé na expresión artística e plástica, fundamental para mostrar a identidade cultural persoa e compartida.

A competencia en conciencia e expresión culturais implica comprender e respectar a forma en que as ideas e o significado exprésanse de forma creativa e comunícanse nas distintas culturas, así como a través dunha serie de artes e outras manifestacións culturais. Implica esforzarse por comprender, desenvolver e expresar as ideas propias e un sentido de pertenza á sociedade ou de desempeñar unha función nesta en distintas formas e contextos, así como o enriquecemento da identidade a través do diálogo intercultural.

Competencia cidadá

- a) Fomentar a igualdade, a non discriminación, a democracia, a xustiza e os dereitos humanos.

b) Buscar o benestar persoal e colectivo, comprendendo como funciona o noso mundo que podemos facer para melloralo.

c) Participar en iniciativas de aprendizaxe cooperativo, cun obxectivo común, aprendendo a comunicarse e chegando a acordos entre todos.

A competencia cidadá é a habilidade de actuar como cidadáns responsables e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e as estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios a unha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica acerca dos grandes problemas éticos do noso tempo, e o desenvolvemento dun estilo de vida acorde cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles expostos na Axenda 2030.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender

a) Desenvolver habilidades para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

b) Lograr unha aprendizaxe cada vez máis autónoma.

c) Fomentar a reflexión, para axudar ao alumnado a sentar os coñecementos traballados e tomar conciencia da forma en que están aprendendo.

d) Gañar habilidades sociais e fomentar o trabalo cooperativo.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender é a habilidade de reflexionar sobre un mesmo, xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe a habilidade de facer fronte á incerteza e a complexidade, a adaptación ao cambio, aprender a aprender, contribuír ao propio benestar físico e emocional, conservar a saúde física e mental, e ser capaz de levar unha vida 16 saudable e orientada ao futuro, expresar empatía e xestionar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Competencia emprendedora

a) Recoñecer as oportunidades persoais, como medio para ser un adulto competente e capaz de desenvolverse no mundo actual.

b) Desenvolver habilidades, como a capacidade de análise, organización, adaptación, toma de decisións, resolución de problemas, traballo cooperativo, responsabilidade, sentido crítico, autonomía e confianza en un mesmo.

A competencia emprendedora, de creatividade e iniciativa implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos

específicos necesarios para xerar resultados de valor para outros. Achega estratexias que permitan adestrar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; espertar a disposición para aprender, a arriscar, a afrontar a incerteza, tomar decisións baseadas na información e o coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía, habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sostibles de valor social, cultural e financeiro.

3.Os criterios para incorporar elementos transversais.

Nos últimos anos a sociedade sensibilizouse nalgúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema. Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación. Son temas de impacto actual e de gran importancia que deben tratarse.

Educación para a convivencia: O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esa actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa. Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

Educación do consumidor: Os nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente reina neste modo de vida. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

Educación para a saúde: Promovendo unha alimentación adecuada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar un exercicio que sexa adecuado e estruturada para promover unha boa calidade de vida.

Educación ambiental: Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.

Educación vial: Traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.

Educación intercultural: Contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo

democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social. Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

Coeducación: Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade. Polo tanto modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

Educación para a paz: Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

Cultura galega: O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país. En todas as áreas do currículo trabállanse unha serie de contidos implícitos que aparecen recollidos no artigo 10 del RD 126/2014 e o artigo 11 do D105/2014, denominados elementos transversais, coa finalidade de que o alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento integral.

Son os seguintes:

- A comprensión lectora: saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP e afianzar na ESO.
- Expresión oral e escrita: é outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar as etapas
- As tecnoloxías da información e comunicación: tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.
- Emprendemento: afianzarán o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico.
- Educación cívica e constitucional: ten como obxectivo axudar a analizar criticamente a realidade e favorecer a convivencia.

Ademais destes, desde a área de lingua castelá contribuiremos ao desenvolvemento, principalmente, dos seguintes valores: igualdade entre homes y mulleres, prevención e resolución pacífica de conflitos, situacións de risco, educación e seguridade viaria, así como desenvolvemento sostido e medio ambiente.

4.Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenrolo de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do neno/a. Deste xeito,

convertémonos nun mestre/a mediador/a que trata de que os nosos alumnos/as desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer). Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes. No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos. Entre estes modelos temos:

- Discurso expositivo.
- Discurso de experiencias.
- Talleres.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Actividade e experimentación.
 - Participación.
 - Motivación.
 - Personalización.
 - Inclusión.
 - Interacción.
 - Significatividade.
 - Funcionalidade.
 - Globalización.
 - Avaliación continua e formativa.
- Poñerese especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias e é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros organizarán a súa práctica docente de forma que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a vinte minutos.

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. - Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

5.Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos empregados na Educación Infantil, Primaria e Secundaria obrigatoria, centrándose principalmente nos recursos e materiais didácticos. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto. De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise: Adecuación ao contexto educativo do centro.

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.

2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.

3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.

4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.

5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.

6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.

7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

O/a mestre/a titor/a.

Os mestres/as especialistas.

O departamento de orientación, (mestre/as Arco e proa+).

Os/as propios/as alumnos/as e as súas familias.

Comunidade educativa.

6.Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.

O alumnado que non opte pola área de Relixión Católica impartiráselle a materia de Proxecto competencial para os cursos impares (tanto de Primaria como de Ed. Secundaria Obrigatoria).

Nos cursos pares, a alternativa á Relixión Católica en Ed. Primaria propónse a materia de Valores Sociais e Cívicos; e para a Ed. Secundaria, Valores Éticos

Para estas sesións aconséllase:

- Traballo en valores e igualdade, sobre todo a través de contos.
- A educación emocional (a través de historias, representacións, contos...), que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc.

Como materia de libre configuración, o centro establece para o alumnado de 4º e 6º de Educación Primaria unha sesión semanal de Afondamento na Lingua Inglesa.

Na Ed. Secundaria, ademais de esta hora semanal de Afondamento, temos que ter en conta, no segundo ciclo, a alternancia de plans. Así nos atopamos que en 3º da ESO ofértase como Segunda Lingua Estranxeira, a materia de Alemán; e como alternativa a esta materia, a de Oratoria.

En 4º da ESO mantense o dobre itinerario, diferenciando os alumnos que van pola rama de Matemáticas Aplicadas, fronte aos que optan por Matemáticas Académicas. Isto trae consigo unha serie de opcións que se establece do modo seguinte:

Ciencias Aplicadas / Ed. Plástica, Visual e audiovisual / Segunda L. Estranxeira (Alemán).

Física e Química / Iniciación á actividade empresarial e emprendedora.

Matemáticas Aplicadas / Matemáticas Académicas.

Cultura Clásica / Tecnoloxía.

No curso 2011/12 a Consellería de Educación aprobou a solicitude de Centro Plurilingüe polo que a nosa denominación oficial pasou a ser CPR Plurilingüe Abrente.

O programa iniciouse en 1º de Educación Primaria impartindo a Plástica en Inglés.

No curso 2012/13 estendeuse o programa plurilingüe a 2º de Primaria e ampliamos o número de materias impartidas en inglés, polo que se impartiron, ademais da Plástica, a Música e a Alternativa Educativa, coa intención de seguir estendendo o programa en toda a educación primaria.

No curso 2016/17 o plurilingüismo completouse na EP, polo tanto a Plástica, a Música e os Valores Sociais e Cívicos son impartidos en inglés.

No curso 2020/21 a Consellería de Educación aprobou a solicitude do CPR Plurilingüe Abrente para o plurilingüismo en Educación Infantil.

Seccións bilingües:

Para este curso 2022/2023 continuaremos co programa de seccións bilingües impartindo a Plástica, a Música, os Valores Sociais e Cívicos (nos cursos pares) e Proxecto Competencial (nos cursos impares) en Inglés en toda a Educación Primaria.

Os mestres que van a impartir ditas seccións bilingües son don David López Calviño e don Basilio Camiña Ucha.

Na ESO, no curso académico 2017/18, as materias que se impartiron nunha lingua estranxeira foron:

1º ESO, Valores Éticos en inglés.

2º ESO, Música en inglés, Valores Éticos en inglés.

3º ESO, Música en inglés Valores Éticos en inglés.

4º ESO, Cultura Clásica en alemán Valores Éticos en inglés.

O noso centro decidiu solicitar no curso 2017/18, previa aprobación do Claustro de mestres e do Consello Escolar, as seguintes seccións bilingües en inglés para impartir no curso 2018/19:

1º ESO, Educación Plástica, visual e Audiovisual.

3º ESO, Educación Plástica, visual e Audiovisual.

4º ESO, Educación Plástica, visual e Audiovisual.

Solicitudes que foron aprobada pola Consellería de Educación en setembro de 2019.

A materia de Educación Plástica, visual e Audiovisual en 1º, 3º e 4º de ESO será impartida por dona Elena Domínguez Fernández .

A Música de 2º e 3º de ESO será impartida por dona Alejandra Lorente Blanco.

A Cultura Clásica de 4º de ESO será impartida por don Pablo Lores Uhía.

Valores Éticos de toda a ESO serán impartidos por dona Fiona Torres Cannon.

Durante curso 2021/22 aprobouse o novo currículo das ensinanzas non universitarias, coa resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23. Na Disposición Adicional Primeira desta resolución se recolle, como alternativa á materia de Relixión nos cursos de 1º, 3º e 5º de Ed. Primaria, e 1º e 3º de Ed. Secundaria Obrigatoria, a materia de Proxecto Competencial.

Tras a reunión do Consello Escolar o 18 de maio, acordouse presentar a solicitude de sección bilingüe para a materia de Proxecto Competencial. Deste xeito, a disposición das seccións bilingües para o curso 2022/23 queda da seguinte maneira:

Ed. Primaria:

- Educación Plástica e Visual (inglés).
- Música e Danza (inglés).
- Valores Sociais e Cívicos (inglés / cursos pares).

- Proxecto Competencial (inglés / cursos impares).

Ed. Secundaria Obrigatoria:

- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (1º, 3º e 4º ESO / inglés).

- Música (2º e 3º ESO / inglés).

- Valores Éticos (2º ESO / inglés).

- Educación en Valores Cívicos e Éticos (3º ESO / inglés).

- Proxecto Competencial (1º e 3º ESO / inglés).

- Cultura Clásica (4º ESO / alemán).

7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

O centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.

- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.

- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

- Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

A oferta de actividades complementarias recolle:

Pintura (EI, EP)

Fun with English (EI, 1º, 2º e 3º EP)

Ximnasia Rítmica (EI, EP e ESO)

Conversación inglés/Nativo (4º, 5º e 6º EP)

Música e Movemento (EI)

KET, PET e FCE

Karate (EI, EP e ESO)

Informática (EP)

Tamén se inclúen as seguintes actividades e conmemoracións:

Os seguintes eventos realizaranse da situación sanitaria que nos atopemos.

- **Acto entrega de certificados Cambridge.**

- **Festival de Nadal.**

- **Festival de teatro de infantil.**

- **Festival de ximnasia rítmica en marzo.**

- **Festival de ximnasia rítmica en xuño**

- **Acto entrega de diplomas e graduación.**

-**Saída fin de curso ANPA.**

Ciclo cultural:

Os distintos departamentos organizarán diversas actividades relacionadas coa cultura en xeral: teatro, música, animación á lectura, visitas de autores, concursos, etc. Este ciclo celebrarase durante os meses de marzo, abril e maio.

XXX Carreira Escolar do Salnés:

Vai dirixida aos rapaces de todos os colexios que queiran participar, xa sexan públicos ou privados.

A proba celebrarase no mes de maio.

Minicarreira Escolar do Salnés:

Nesta participan nenos e nenas de Ed. Infantil e serve como preámbulo da Carreira Escolar do Salnés. Celebrarase no mes de maio.

Festas populares:

Samaín: Organizado polo E.N.L. Realizaranse diversas actividades relacionadas co Samaín e celebrarase un concurso de decoración de cabazas.

Esta festa será celebrada a finais de outubro.

Magosto: Coordinado polo E.N.L. Celebrarase na primeira semana de novembro, se o tempo o permite, e do mesmo xeito que en anos anteriores organizaranse xogos distribuídos por aulas.

Entroido: A celebrar o venres 17 de febreiro.

Actividades organizadas pola ANPA:

Coma en anos anteriores a ANPA do centro colabora co colexio na realización das distintas actividades. Independentemente disto, no curso 2022/23 organizará unha serie de actividades dirixidas tanto a alumnos como pais.

Semana da Ciencia:

O departamento de Ciencias e Matemáticas organizará no mes de maio a Semana da Ciencia. Nela os alumnos e alumnas de 4º de ESO organizarán unha serie de experimentos no laboratorio para todos os alumnos do centro. Tamén se organizará unhas sesións de xogos matemáticos que se realizarán no mes de decembro.

8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

Na Ed. Primaria o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

Na Ed. Secundaria Obrigatoria o alumnado acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Se estas materias pertencen ao 1º ou 3º curso, poderá recuperalas co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023-24, terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.

Na Ed. Primaria, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo*, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

*O plan específico de reforzo debe incluír, polo menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Na Ed. Secundaria Obrigatoria, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha

medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado* á que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

*O plan específico personalizado debe incluír, polo menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

10. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.

- Ed. Primaria (só nos cursos pares, 2º, 4º e 6º de Ed. Primaria, posto que nos cursos impares a promoción é automática)

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

Os criterios para a promoción do alumnado, quedan establecidos do seguinte xeito:

- É fundamental que de cara a non promoción do alumnado, todo o profesorado do centro utilice os mesmos criterios.

- Acórdase o seguinte: non promocionaran aqueles alumnos/as que teñan dúas das tres materias instrumentais suspensas (lingua castelá, lingua

galega e matemáticas); tampouco promocionarán aqueles/as que suspendan tres materias de calquera tipo (instrumental ou non instrumental).

- Ed. Secundaria Obrigatoria:

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén TODAS as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

11. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias.

A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

Así, para os cursos pares (2º, 4º e 6º de Ed. Primaria e 2º e 4º ESO), as programacións han de incluír os seguintes puntos:

1. Introducción.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. (Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais).
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - a. Temporalización
 - b. Grao mínimo de consecución.
 - c. Procedementos e instrumentos de avaliación.
5. Concrecións metodolóxicas.
6. Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar.
7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación.
8. Indicadores de logro (para avaliar o proceso de ensino e práctica docente).
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

11. Medidas de atención á diversidade.

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

13. Actividades complementarias programadas.

14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

En cambio, para os cursos impares (2ºciclo Ed. Infantil; 1º, 3º e 5º Ed. Primaria e 1º e 3º ESO), utilizarase a ferramenta PROENS da Xunta de Galicia e incluíranse en cada área os seguintes puntos:

1. Introducción.

2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

3. Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

4. Metodoloxía.

a. Concrecións metodolóxicas.

b. Materiais e recursos didácticos.

5. Avaliación:

a. Procedemento para a avaliación inicial.

b. Criterios de cualificación (con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil).

c. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (no caso de educación secundaria).

6. Medidas de atención á diversidade.

7. Transversal:

a. Concreción dos elementos transversais.

b. Actividades complementarias.

8. Práctica docente:

- a. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Entre os plans nos que participa o centro están:

- PLAN DE CONVIVENCIA.
- PLAN DIXITAL.
- PROXECTO ABALAR E REDE E-DIXGAL.
- PROYECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.
- PROYECTO LECTOR.
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

-PLAN PROXECTA.

- CONSUMÓPOLIS.

14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións lexislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

15. Outros apartados.